

DIRECCIÓN XERAL DE XUSTICA

Rúa Madrid, 2-4 2º
Polígono de Rúa Fontiñas
15707 Santiago de Compostela

Por medio do presente quixeramos denunciar a situación que está a vivir o Rexistro Civil de Ourense, polo colapso de traballo ao que está sometido, dende o pasado mes de xullo.

Este Rexistro Civil, a día de hoxe debido á baixa dunha das funcionarias do corpo de Tramitación dende primeiros de xullo, carece dunha praza do corpo de Auxilio

Segundo a RPT publicada o pasado 11 de setembro de 2025 e, co número XG92581000320548001.00, esta fixada para o Oficina Xeral do Rexistro Civil unha praza do corpo de Auxilio.

Como consecuencia desta baixa falouse coa Delegación en Ourense para por en coñecemento esta situación, dado que neste Rexistro Civil vese incrementado moito o traballo no verán, polas múltiples persoas retornadas tanto a nivel nacional, como do estranxeiro, que queren solucionar e realizar as súas xestións nesas datas.

Atopámonos entón cun cadro de persoal de vacacións e, coa diminución por parte da baixa da compañeira que a administración non dota, a pesares do establecido na Orde de 18 de maio de 2022, onde se contempla no artigo 4.2 que "...en todo caso procederá a súa cobertura mediante o nomeamento de persoal funcionario interino..."

Segundo comentou a Delegación, ante as nosas solicitudes para que fixeran o posible para o nomeamento urgente de persoal interino, eles xa tiñan enviado á Dirección Xeral varios informes poñendo en coñecemento esta situación, pero a día de hoxe atopámonos coa mesma situación, chegando a botar mán, dende a pasada semana, da compañeira do corpo de Auxilio Xudicial pertencente ao Xulgado de Instancia 2, para que atendera ao mesmo tempo o seu xulgado e o rexistro civil, co conseguinte retraso nas súas tarefas do xulgado.

Por todo isto, **SOLICÍTASE** desa Dirección Xeral e, de maneira **URXENTE**, o nomeamento dunha persoa interina do corpo de Auxilio Xudicial para cubrir a substitución acordada.